



**Sr. Alcalde do Concello da Laracha  
Laracha (A)**

**Clave:** DH.A15.55667  
**Expediente:** Concesión dun caudal de 536,55 m<sup>3</sup>/ano, procedente dun manancial, no lugar da Ferraría, parroquia de Coiro, no concello da Laracha, con destino a uso doméstico  
**Solicitante:** Maria Luisa Martínez Zas  
**Asunto:** Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Maria Luisa Martínez Zas para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días naturais**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo período.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non reclamacións.

A Coruña, 05 de febreiro de 2021

O xefe do servizo territorial  
(Asinado dixitalmente)

Néstor Rodríguez Arias





## SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

### INFORMACIÓN PÚBLICA

#### ANUNCIO

Maria Luisa Martínez Zas, con DNI 79310450X, solicita de Augas de Galicia un caudal de 536,55 m<sup>3</sup>/ano de augas procedente dun manancial no lugar de Ferraría, parroquia de Coiro, Concello da Laracha, con destino a uso doméstico. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A15.55667

As características do aproveitamento son:

<b>SOLICITANTE:</b>	Maria Luisa Martínez Zas
<b>CAUDAL:</b>	0,017 litros/segundo
<b>DESTINO:</b>	uso doméstico
<b>ORIXE:</b>	manancial
<b>LUGAR:</b>	Ferraría
<b>PARROQUIA:</b>	Coiro
<b>CONCELLO:</b>	A Laracha

#### Descrición:

Captación de augas na parcela de referencia catastral 8872204NH3887S0001KB mediante arqueta da que parten tres tubos, un dos cales conduce as augas ata o repartidor dos usuarios e depósitos, que están situados na parcela 15042A06400207. Dos depósitos parten sendas conducións para as vivendas que se abastecen. Ambos tubos atravesan a parcela 8872203NH3887S e un destes abastece a vivenda situada na parcela 8872202NH3887S, seguindo o outro a través da parcela 15042A06400081 e 15042A06400167 e unha pista ata chegar á vivenda situada na parcela 8972302NH3887S.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello da Laracha ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa de Vicente Ferrer 2, 9º da Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 05 de febreiro de 2021

O xefe do servizo territorial  
(Asinado dixitalmente)

Néstor Rodríguez Arias

